

CONCELLO  
DE VIGO



**VIGO**  
OUT > NOV '19 **cultura**

Programación Municipal de ARTES ESCÉNICAS

ILLAS CÍES: Obxectivo Patrimonio da Humanidade

# VIGO

OUT > NOV '19 **cultura**

Tipo de espectáculo:

Teatro >



Danza >



Animación >



Música >



Circo >



Maxia >



Bebés >



Cine >



Datos do espectáculo:

Idioma:

Galego



Castelán



Recomendación de idade:

Adulto



Familiar



Idade recomendada



Bebés

Duración (minutos):

MIN

Prezo:



## PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA ESPERA

VENRES 27 DE SETEMBRO, 19:00 HORAS



Compañía: **Cía. Eia**

Xénero: *novo circo*


Autoría e dirección: *Francesca Lissia e Celso Pereira*  
Adaptación, deseño de son, deseño de iluminación e coreografía: *Cía. Eia*

Escenografía: *Slow Fusta and Carpintería e Restauración Peimar*

Vestuario: *Olga Arizaga e Fabrizio Giannini*

Música: *Mica Paul Hinson, Kepa Junquera, Chango Spasiuk, Sondeseu, cos consellos de Crisiano de la Mónica*

Elenco artístico: *Celso Pereira e Francesca Lissia*



PREMIO

Premio Zirkolika 2011

Premio Cidade de Barcelona 2012

Premio ao Mellor Espectáculo de Circo no Festival TAC de Valladolid 2012

Premio MAX de Teatro ao Mellor Espectáculo de Circo por Intarsi

ANIMACIÓN DE RÚA



45'

**POLA RÚA DO PRÍNCIPE**  
(DIANTE DO MARCO)

+ 5 anos Duración

Espera é un espectáculo de circo participativo onde o público se ve convidado, dun xeito moi sensible e sutil, a vivir de cerca as acrobacias que ocorren na escena.

Cando o límite entre escenario e público desaparece, o espectáculo convértese nunha ocasión para compartir experiencia colectiva, onde nos miramos á cara con descoñecidos e escoitámonos cos corpos.



ANIMACIÓN DE RÚA



## PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA SONÁMBULO

SÁBADO 28 DE SETEMBRO, 19:00 HORAS

Compañía: **Antón Coucheiro**  
Xénero: teatro de rúa  
Autoría, dirección, deseño de son e deseño de iluminación: **Antón Coucheiro**  
Escenografía: **José Manuel Faro "Coti"**  
Vestuario: **Alba Seijo e Eva Costas**  
Música: **Asistencia de Xabier Mera**  
Coreografía: **Natalia Outeiro**  
Elenco artístico: **Antón Coucheiro**



50'

### POLA RÚA DO PRÍNCIPE (DIANTE DO MARCO)

+ 2 anos Duración



Sonámbulo é unha viaxe onírica, un cabaré portátil, un show de variedades a bordo dunha cama, onde viviremos o universo dun bufón rosmón que non consegue durmir. Un pallaso insomne que conta ovellas. Mais quen está esperto, quen dorme, quen soña?

Antón Coucheiro presenta un espectáculo de rúa sen palabras, clown, teatro físico, efectos máxicos, nunha comedia visual na que a participación do público resulta fundamental.

## EL VIAJE DE ULISES

VENRES 4 DE OUTUBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Teatro Gorakada**  
Espectáculo: Xénero: teatro comedia  
Autoría: **Julio Salvatierra**  
Dirección: **Jose Carlos García**  
Adaptación: **Idoia Barceló**  
Escenografía: **Javi Tirado**  
Deseño de son: **Igor Iglesias**  
Deseño de iluminación: **Ion Chávez**  
Vestuario: **Ikerne Jimenez**  
Música: **Fran Lasuen**  
Elenco artístico: **Aritzta Rodríguez, José Cruz Gurrutxaga, Fran Lasuen e Javi Tirado**

PREMIO

Premio FETEN 2019 ao Mellor Espectáculo

ESP



55'

8€

Castelán + 7 anos Duración Prezo

Os deuses gregos moraban a cima do monte Olimpo e gobernaban sobre os seres humanos influíndo sobre estes coa súa protección e co seu abandono. Algúns homes ousaron desafiar os seus caprichos e foron vítimas da súa ira. Tal foi o caso de Ulises, quen ao ofender a Poseidón deixando cego o seu fillo Polifemo, este impídelle volver a Ítaca deixando vagar sen rumbo por todo o mar Mediterráneo. A historia de Ulises é a historia da viaxe como metáfora da vida, da loita contra as dificultades e o xeito de resolvelas.


TEATRO



Unha viaxe chea de peripecias únicas e de xogos compartidos onde cada acto, cada escena, é un universo en si mesmo.

Podemos pedirlle a Ulises que nos deixe seguilo na procura da súa Ítaca esperando así atopar tamén a nosa.

Longa vida ao heroe grego.







CIRCO



SÓ

DOMINGO 6 DE OUTUBRO, 18:00 HORAS

Compañía: **Xampatito Pato**

Xénero: novo circo

Autoría, escenografía, deseño de son, vestuario,

música e coreografía: Jesús Velasco

Dirección: Arturo Cobas

Deseño de iluminación: Jesús Velasco e Arturo Cobas

Elenco artístico: Jesús Velasco

PREMIO

2º Premio Panorama Circada 2019

Premio !Chucha! Festival de Circo y Clown de Úbeda

Premio Festival Al Freskito

Premio Festival Utebo Respira Circo

Premio Festival MADn Circus

Premio Festival Acambalchous

Premio Festival Carabolas de Bronchales

Premio Encuentro Zircozaurre

Premio Kandengue Arts



Familiar + 4 anos Duración Prezo

Un personaxe único na súa especie. Un personaxe obsesivo, cuadrículado, meticuloso e excéntrico, rodeado dun sinfín de obxectos que escapan ao seu control e cos que xoga para dar forma ao seu mundo.

Na súa vida nada é o que parece. O seu tempo transcorre entre xogos de tripeiros, pelotas, equilibrios imposibles, caixas dentro doutras caixas, caixas con vida propia, pelotas que rebotan...

Do caos xorde un universo delirante onde estan personaxe inventa a risa, creando unha tolemia cómica e mudando a un novo ser con unha nova figura.

DESPOIS DAS ONDAS

VENRES 11 DE OUTUBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **ButacaZero**

Xénero: teatro drama

Autoría e deseño de son: Ernesto Is

Dirección: Xavier Castiñeira

Adaptación: Xavier Castiñeira e Ernesto Is

Escenografía: Beatriz de Vega

Deseño de iluminación: Javier Quintana

Vestuario: Carlos Pinilla

Coreografía: Sonsoles Cordón

Elenco artístico: Belén Constenla, Nerea Brey e Sonsoles Cordón

PREMIO

XVIII Premio "Rafael Dieste" de Textos

Teatrais 2017 da Deputación da Coruña



Galego + 12 anos Duración Prezo

Despois da guerra, do exilio, da morte, do éxito da soidade, do amor; despois de corenta anos, María Casares regresa á patria da súa infancia nunha xira teatral.

A nena medrou para converterse na gran actriz da escena e do cinema francés, no símbolo da España refuxiada, no recordo dunha Galicia perdida na brétema do pasado. Será precisamente nesa néboa onde a gran Casares deberá perderse para atopar




TEATRO - CINE



o significado dunha vida chea de éxitos e perdas, onde as pantasma que resoan na súa memoria han axudala a responder á verdadeira razón desta viaxe: quen é María?

Nesta peza, mesturando cine en directo, teatro e música, poderemos percorrer os lugares e momentos da vida de María Casares na súa viaxe de retorno tras corenta anos de exilio.





## BIMAXIAS: 2 ILUSIONISTAS EN REALIDADES PARALELAS

DOMINGO 13 DE OUTUBRO, 18:00 HORAS

Compañía: **Fani Triana e Martín Camiña**

Xénero: maxia

Autoría e dirección: Fani Triana e Martín Camiña

Escenografía e deseño de iluminación: Ángel Modia

Vestuario: Producións Herméticas

Elenco artístico: Fani Triana e Martín Camiña



Familiar Galego + 5 anos Duración 75' Prezo 5€



Unha creación máxica, surrealista e con ilusións a "xeito individual e a dúo".

Xornais que cobran vida, cordas sorprendentes, froitas "sen frutosa", recreacións doutra época e moito máis, xeran a trama dun acto cheo de gags, diálogos apegados ao sorriso e prestidixitacións sorprendentes.

Dous ilusionistas ao vivo nun espectáculo de maxia, humor e participación do público, composto para ollar outras realidades coas orellas moi abertas.



## GAG MOVIE

VENRES 18 E SÁBADO 19 DE OUTUBRO, 21:00 HORAS  
SESIÓN GAMBERRA

DOMINGO 20 DE OUTUBRO, 18:00 HORAS  
SESIÓN FAMILIAR

Compañía: **Yllana**

Xénero: teatro comedia

Idea orixinal, dirección artística e espazo escénico: Yllana

Deseño de iluminación: Pedro Pablo Melendo

Deseño de son: Alberto Fernández

Deseño de vestuario: Tatiana de Sarabia

Elenco artístico: César Maroto, Rubén Hernández, Susana Cortés e Antonio de la Fuente



+ 6 anos Duración 90' Prezo 5€ Prezo (< 12 anos) (≥ 12 anos) 10€

Gag Movie é a historia de catro personaxes atrapadas no tempo e non confíns estreitos dun só fotograma.

A nosa singular troupe de cineastas irrompe en escena por arte de maxia. Empezarán unha divertidísima viaxe cos espectadores por algúns dos momentos máis iconográficos da sétima arte.

Con humor e enxeño, non só nos amosarán en directo como é o cine, senón como se fai, como se vive e, sobre todo, como se goza.

En Gag Movie a sétima arte se atopa co teatro para formar xuntos a octava arte, ou quizais a novena, ou a décima... quen sabe. Pero sexa cal sexa o número, é unha arte divertida e vertixinosa que pasará por diante dos nosos ollos a máis de 300 fotogramas por segundo.

Non vola perdades!





TEATRO



## SHAKESPEARE EN BERLÍN

VENRES 25 DE OUTUBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Arden Producciones**

Xénero: teatro contemporáneo

Autoría: Chema Cardeña

Escenografía: El Bosc e Filippo Olivieri

Deseño de son e música: José García del Real

e David Campillos

Deseño de iluminación: Pablo Fernández

Vestuario: Pascual Peris e Sala Russafa

Elenco artístico: Chema Cardeña, Juan Carlos Garés

e Iria Márquez

PREMIO

Candidata a tres Premios MAX 2017:

Mellor Espectáculo Teatral, Mellor Autoría e Mellor Actor de Reparto e Finalista a Mellor Actor de Reparto

Premio a Mellor Espectáculo e Mellor Texto en T.O.C. 2017 de El Puig de Santa María

Finalista en 5 candidaturas no XX Certame Nacional Garnacha de Rioja 2018

Premio da Crítica Literaria Valenciana 2018 de Literatura Dramática

Premio "La Butaca" a Mellor Espectáculo 2018

Berlín 1933. Esta é a historia de tres amigos. Martín e Elsa, -unha parella de recién casados vinculados ao mundo do cine alemán da época-, e Leo, -un actor de teatro de ascendencia xudía-. Os tres comparten a vida alegre dos anos 30. O cine dos estudos UFA, o teatro e os cabarés berlineses... pero todo isto verase truncado pola ascensión do nazismo ao poder.



Castelán +14 anos Duración Prezo

Durante catro períodos concretos (1933, 1938, 1941 e 1946) asistimos ao paso do tempo e as súas consecuencias na vida destas tres personaxes. Os acontecementos marcarán os seus rumbos: o incendio do Reichstag, a noite dos cristais rotos, a guerra e o final do xuízos de Nüremberg.

Unha noite terá lugar un suceso que marcará as súas relacións, as súas vidas e o destino de cada un.

## TODAS AS MARABILLAS DO MUNDO

DOMINGO 27 DE OUTUBRO, 18:00 HORAS

Compañía: **Producións Dispersas**

Xénero: teatro comedia

Autoría, dirección e deseño de son: Diego Freire

Escenografía e monicreques: Daniel D.Calet

Deseño de iluminación: Xurxo Barcala

Vestuario: O Faiado de Nin e Daniel D.Calet

Música: Ramón Feáns e Xabier Mera

Soporte técnico: Dibay Eventos

Elenco artístico: Diego Freire, Beatriz Bravo, Salomé

Garrido, Jaime Díaz Paradelo, Raquel Huete

e Sandra Pérez



Familiar Galego +3 anos Duración Prezo



TEATRO



Producións Dispersas preséntanos unha personaxe fascinada pola beleza do mundo e as súas marabillas. Unha personaxe que desexa máis que nada coñecer e gozar de todas as cousas fermosas que o noso planeta nos regala.

Un día descobre que as marabillas son tantas, e o mundo é tan grande, que non tería nin o tempo nin os cartiños para poder gozar de toda esa fermosura. Así que sinte unha tremenda frustración.

Deberá aprender a convivir con ela! Durante esa aprendizaxe tamén descubrirá que ten moitas emocións no seu interior e que ás veces é un lío levarse ben con todo o que vive na súa cabeza. O sentido común, o fastio, a vergoña, a alegría, a tristeza, a ira, a paz interior...







## GUERRA DE IDENTIDADE

VENRES 1 DE NOVEMBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **DeuVe**

Xénero: Teatro documento poético

Dirección: Avelino González

Texto e gravacións: Deborah Vukusic

Iluminación: Salvador del Río

Vestuario: Jandro Villa

Producción: Carlos F.Sanjurjo

Elenco artístico: Deborah Vukusic

ESTREA MUNDIAL



Galego



Adulto



Duración



Prezo

Obsesionada coa figura ausente e controvertida do pai, deportista de elite e militar na guerra dos Balcáns, unha muller, metade galega, metade croata, narra a viaxe que traza para coñecer a súa familia. Facendo o espectador confidente e cómplice de segredos inconfesables e cun pano de fondo, que danza entre guerras históricas e conflitos individuais, dá conta da batalla na procura de si mesma, loitando entre o dramático e o cómico, o testemuño e a imaxinación, e a memoria persoal e a colectiva.

## NO HAY PAPEL

SÁBADO 2 DE NOVEMBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Desafora2**

Xénero: teatro contemporáneo

Autoría: Beatriz Bergamín

Dirección: Víctor Velasco

Escenografía: Cecilia Bergamín

Deseño de son: Jon Anibal

Deseño de iluminación: Jose Manuel Guerra

Vestuario: Ángeles e Beatriz

Música: Nacho Mastretta - Manuel Penella

(Concha Piquer)

Elenco artístico: Ángeles Martín e Beatriz Bergamín



ESP



Adulto



70'



8€

Castelán +16 anos Duración Prezo



No hay papel é unha fiestra. Unha casa nova. Tempo sen verse. Dúas irmás, que comparten un don e unha paixón: as palabras. Foron, xa non son. Julia é ou era unha escritora de éxito. Clara é ou era unha xornalista especializada en conflitos bélicos. Procuran traballo, procuran o seu sitio, o seu espazo, o seu papel. Reencóntranse, confróntanse, lémbrense,




adóranse, necesítanse, admíranse, críticanse, abrázanse, rómpense, rin, recoñécense. Hai unha decisión tomada e outra por tomar. As dúas, como España, están feitas e construídas a pedazos. Son e senten de xeito diferente ao resto. Son e se recoñecen iguais a todo.

Pero ademais, No hay papel son anacos da historia real de Ángeles Martín e de Beatriz Bergamín, que entrelazan a palabra de Julia e Clara, as súas persoaxes na ficción, con textos directos e en primeira persoa sobre si mesmas, expoñéndose perante o público nun exercicio de pornografía emocional sen rede.

\* Ao rematar o espectáculo haberá un coloquio coas actrices e o editor do libro (editorial viguesa).





TEATRO - MAXIA - MÚSICA - DANZA - GRAFFITI



## ARTE'N'RÚA

DOMINGO 3 DE NOVEMBRO, 18:00 HORAS

Compañía: **Kandengue Arts**

Xénero: teatro/maxia/música/danza/graffiti

Autoría, dirección e vestuario: Kandengue Arts

Escenografía: Nana Art

Deseño de son e iluminación: Manolo Dourado

Música: A Gramola Gominola e Os 2 Tenedores

Elenco: A Gramola Gominola, Os Tres Tenedores, Mago

Xacobe/Mago Alex, Vella Escola (bailaríns e beatbox),

Afrobrix e Nana Art (graffiti)



Familiar Galego + 3 anos Duración Prezo

Espectáculo multidisciplinar ambientado nas artes de rúa e urbanas.

Un espectáculo dinámico, divertido, sorprendente e cheo de ritmo, con hip hop, ragga, rock e moito máis! Unha cita imperdible para gozar en familia.



DANZA



## ENTRESOÑOS

VENRES 8 E SÁBADO 9 DE NOVEMBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Fran Sieira**

Xénero: danza tradicional

Autoría e coreografía: Fran sieira

Dirección e adaptación: Fran Sieira e David Vilarinyo

Escenografía: Vanesa Hernández (DiiVANT)

Deseño de son e música: Anxo Pintos

Deseño de iluminación: Luis Perdiguero

Vestiaro: Alessio Meloni

Elenco artístico: Fran Sieira, Xisco Feijoo e Aida Tarrío



Galego Adulto Duración Prezo

Ese "Soño" que me invade cada noite facéndome crer algo que non son, pero que podería chegar a ser... e á vez o medo e a incerteza que me dominan que me fan voltar a ese estado de consciencia que me di que non é máis ca un "Soño" e que non deixará de ser nunca máis ca iso...

Dentro do meu "Soño" teño ledicia, total liberdade de expresión e movemento. Non importa con quen, para quen, de que xeito e onde. Só importa a música e o movemento que o meu corpo xera ao sentila.

É o meu "Soño", só mando eu. Dentro del non hai medos nin complexos. No "Soño" podo facer voar a miña imaxinación a límites insospitados, límites inalcanzables para min ao espertar cada mañá desa cama. No meu "Soño" podo bailar como sei,



exprimindo o máis pequeno anaco de creatividade sen medos nin prexuízos por que é o meu "Soño". A miña obra que cada noite me invade, apoderándose da miña inconsciencia e facéndome vivir o que fora desa cama non me atrevo a amosar.







BEBÉS



## BITELS PARA BEBÉS (concerto tributo a The Beatles)

Capacidade limitada

DOMINGO 10 DE NOVEMBRO, 16:30, 17:30 E 18:30 HORAS

Compañía: **La Petite Malumaluga**

Xénero: danza e música para bebés

Autoría: Albert Vilà e Eva Vilamitjana

Dirección e adaptación: Eva Vilamitjana e Albert Vilà

Escenografía: La Petite Malumaluga

(colabora Paula Bosch)

Deseño de son, de iluminación e vestuario:

La Petite Malumaluga

Música: Jordi Bello

Coreografía: Eva Vilamitjana

Elenco: Alba Haro/Eduard Raventós (cello), Asier

Suberbiola/Laura Marín (violín), Hugo Astudillo/Nil Villà

(clarinete e saxo soprano), Albert Vilà (percusións)

e Eva Vilamitjana (danza)



Familiar



0+3 anos



Duración



Prezo

(1 persoa adulta + 1 bebé en escenario). Resto de acompañantes en patio de butacas con visibilidade reducida, de balde até completar capacidade.



Catro músicos e movemente e unha bailarina convidan a bebés, nais e pais a participar dunha cálida e emocionante homenaxe a The Beatles.

Unha proposta visual e sonora na que cativas e persoas adultas gozan dunha selección de cancións con arranxos sofisticados, interpretadas por músicos con ampla experiencia profesional.

Todo isto arroupado por unha escenografía suxestiva, xogos con vídeos interactivos e a participación do público con instrumentos de percusión.

As nenas e nenos e as persoas adultas cantarán, bailarán, interactuarán, xogarán e gozarán da música, o movemente e unha contorna visualmente atractiva e recoñecendo temas universais.



## CELEBRARÉ MI MUERTE

VENRES 15 DE NOVEMBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Producciones del Barrio e Teatro del Barrio**

Xénero: teatro

Autoría: Marcos Ariel Hourmann,

Alberto San Juan y Víctor Morilla

Dirección: Alberto San Juan e Víctor Morilla

Produción: Jordi Évole e Alberto San Juan

Elenco artístico: Marcos Ariel Hourmann



Castelán



Adulto



Duración



Prezo

Un médico declarado culpable de homicidio, un xurado formado por membros do público e unha pantalla

Que lle fixo actuar así aquela noite? Unha persoa pode decidir cando e como morrer? Que fariamos nós ante a chegada irreversible da morte?.

Nove membros do público elixidos ao chou estarán xunto ao doutor Hourmann sobre o escenario. Eles convertiranse no xurado popular do xuízo que nunca tivo. E eles ditarán sentenza.

Un espectáculo que formula un debate profundo sobre a eutanasia.



TEATRO





## EMPORTATS

DOMINGO 17 DE NOVEMBRO, 18:00 HORAS

Compañía: **La Trócola Circo**  
Xénero: novo circo  
Autoría: La Trócola Circ  
Dirección: Lucas Escobedo  
Escenografía: San Martín Bro  
Deseño de son: Richard Cano  
Deseño de iluminación: Manolo Ramírez  
Vestuario: Andrea Pérez  
Música: Jose Monreal  
Coreografía: Mayte Moreno  
Elenco artístico: Andrea Pérez, Guillem Fluixa, Aritz Sardina, Jose Moreal e Jon Sádaba

PREMIO

Premio ao Mellor Espectáculo das noites de FETEN 2018

Premio ao Mellor Espectáculo de circo valenciano 2018



Familiar + 5 anos Duración Prezo

Emportat combina acrobacia, malabar, música e traballo con obxectos (portas).

A través do xogo co visible e o non visible, facendo uso de linguaxes como a musical, humorística, a poética, xorden imaxes e ideas orixinais cuxa estética somerxe o público espectador nunha atractiva viaxe para os sentidos.

Un espectáculo onde a coordinación, a precisión e a enerxía superan os límites establecidos e no que a indiferencia non está entre as posibilidades.

Emportats é o resultado dun arduo traballo onde o importante é o proceso, no que os seus protagonistas despréndense de todo para ensinarnos o que levan dentro.



## INVISIBLES

VENRES 22 DE NOVEMBRO, 21:00 HORAS

Compañía: **Redrum Teatro**  
Xénero: teatro drama  
Autoría: Montse Fajardo  
Dirección: Marián Bañobre  
Adaptación: Marián Bañobre e Santiago Cortegoso  
Escenografía e vestuario: Redrum Teatro  
Espazo sonoro: Davide González  
Deseño de iluminación: Laura Iturralde  
Elenco artístico: Mela Casal, Sheyla Fariña e Nieves Rodríguez

CONMEMORACIÓN DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER

PREMIO

Premio María Casares 2018 á Mellor Iluminación  
Premio María Casares 2018 ao Mellor Texto Adaptado  
Premio María Casares 2018 á Mellor Dirección  
Gañador do II Concurso de Proxectos pola Igualdade Luísa Villalta



Gallego + 16 anos Duración Prezo

Un lugar determinado.  
Tres mulleres.  
Sete testemuños reais.  
Un millón de razóns para falar do maltrato.  
Non máis invisibles.





TEATRO



## DEBAJO DEL TEJADO

DOMINGO 24 DE NOVIEMBRE, 18:00 HORAS

Compañía: **Pata Teatro**

Xénero: teatro comedia

Autoría: Macarena Pérez Bravo e Josemi Rodríguez

Dirección e deseño de son: Josemi Rodríguez

Escenografía: Vicente Palacios

Deseño de iluminación: Josemi Rodríguez e Jesús García

Vestuario: Elisa Postigo

Música: Jesús Durán

Elenco artístico: Macarena Pérez Bravo e Carlos Cuadros

PREMIO

**Premio Ateneo de Teatro 2018 ao Mellor Espectáculo Infantil**

**Tres nominacións aos Premios Lorca de Teatros Andaluz 2019 (Mellor Espectáculo para a infancia, Mellor Deseño de Iluminación e Mellor Escenografía)**



Familiar Castellán + 5 anos Duración Prezo

Baixo o tellado hai un bloque. No bloque hai varias casas. Cada casa ten unha porta e detrás de cada porta hai unha historia. As persoas que habitan esas historias son os nosos protagonistas. Todos teñen a súa propia historia, sen ser conscientes de que lles une un fío común: o mesmo tellado.

Un espectáculo no que os dous actores amosan, a través de distintas linguaxes escénicas, como sucede a vida entre a veciñanza. Unha apaixonante comedia que nace para recordarnos que o cotiá, o que non sucede día a día, pode ser realmente extraordinario.

## DÚAS DONAS QUE BAILAN

VENRES 29 DE NOVIEMBRE, 21:00 HORAS

Compañía: **Teatro do Atlántico**

Xénero: Comedia dramática

Autoría: Josep M. Benet i Jorner

Dirección e deseño de iluminación: Xúlio Lago

Tradución: Aleixandre Lago

Escenografía: Antonio Simón

Deseño de son: Esther Carrodegas

Vestuario: Susa Porto

Música: escolma

Elenco artístico: María Barcala e María Ángeles Iglesias



Galego + 14 anos Duración Prezo



TEATRO



Unha muller maior, viúva, que soña cunha viaxe a París, resítese a abandonar o esfarelado piso no que habita, malia as presións das e dos fillos e tamén da axencia propietaria do inmoible. Todos eles teñen outros plans para a vivenda. A filla, en tanto non consegue que a nai mude de actitude, contrata unha muller para que vaia facer os labores domésticos na casa dúas veces por semana. A muller contratada é unha profesora de lingua a literatura, de mediana idade, obrigada polas circunstancias a aceptar o traballo. O seu carácter contestatario é parello ao da vella, outrora unha muller rebelde e activista. A presenza da contratada non é ben recibida e cada xornada convértese nun inquietante e por veces traxicómico enfrontamento.



galicia



Xacobeo 2021

AGADIC



XUNTA DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA





## Normas de organización e acceso ao recinto:

1. O despacho de billetes do auditorio **pechará con estrita puntualidade cinco minutos antes** da hora prevista de comezo do espectáculo, momento no que ademais se pecharán as portas de acceso ao recinto. **Comezado o espectáculo, ninguén poderá acceder á sala.** Solicítase a máxima colaboración anticipando a hora de chegada para evitar colas a última hora que produzan o atraso do comezo do espectáculo.
2. As entradas non vendidas anticipadamente, de habelas, estarán dispoñibles no despacho de billetes desde unha hora antes do comezo previsto para o espectáculo.
3. As portas de acceso abriranse 15 minutos antes da hora prevista do comezo do espectáculo.
4. As entradas mercadas no despacho de billetes serán asignadas pola organización. En caso de querer seleccionar unha localización concreta deberán utilizar o sistema de venda anticipada. Todas as butacas ofertadas contan con boa visibilidade. A organización non garante a autenticidade das entradas non adquiridas nos puntos de venda oficiais, polo que neste caso declina toda responsabilidade.
5. **TODO o público pagará entrada**, independentemente da idade ou de ocupar ou non butaca. Non poderá acceder ao recinto ninguén sen entrada para poder computar a capacidade efectiva por razóns de seguridade e conforme ao Plan de autoprotección do recinto. A capacidade é única e compútase por persoas, non por butacas ocupadas.
6. Non se lle permitirá o acceso a quen presente unha entrada emendada, rota ou con indicios de falsificación. Non se admiten cambios nin devolucións.
7. A organización informa, nos programas editados para a difusión de cada programación, das idades recomendadas para determinados espectáculos, que solicitamos respecten na medida do posible de cara a garantir o seu bo desenvolvemento.
8. Ao entrar no recinto, o público, consonte á lei, pode estar suxeito a un rexistro. Non se permitirá a entrada de comida, bebida ou obxectos que poidan ser considerados perigosos polo organizador ou estean prohibidos pola normativa vixente. Resérvase o dereito de admisión.
9. Nos espectáculos programados quedan reservados todos os dereitos de imaxe e propiedade intelectual. As persoas portadoras da entrada non poderán introducir cámaras de fotografar, de vídeo ou gravadoras; tampouco poderán, nin filmar ou gravar o espectáculo sen autorización escrita da organización; en todo caso, actuarase conforme aos acordos e a lexislación vixente que corresponda.

## Venda de entradas:

As entradas poderán adquirirse anticipadamente **(sen gastos de xestión, ao mesmo prezo que no despacho de billetes)**

- A través da páxina web de Ticketea
- No teléfono 902044226
- En Discos Elepé (r/ Doutor Cadaval, 35)
- Horario: de 10:00 a 13:30 e de 16:30 a 20:00 h, de luns a sábado.
- O mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo no despacho de billetes do auditorio (de haber entradas dispoñibles).

## Abonos

(só en anticipada, non poderán adquirirse no despacho de billetes do propio auditorio):

### ABONO Á CARTA 5:

elixe 5 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 10 % de desconto sobre o prezo total.

### ABONO Á CARTA 10:

elixe 10 espectáculos de toda a programación combinados como queiras e goza dun 25 % de desconto sobre o prezo total.

Existen 4 espazos reservados para persoas con mobilidade reducida en cadeiras de rodas e 4 ao seu carón reservadas para os seus acompañantes (de ser o caso). No caso de adquirir entradas nesta modalidade é importante comprobar ao seleccionalas se se trata de persoas con cadeiras de rodas (sen butaca) ou se son acompañantes destas (butaca ao carón do espazo destinado a cadeiras de rodas). As entradas adquiridas destinadas a mobilidade reducida sen cumprir estas características poderán ser anuladas sen posibilidade de reembolso.

Auditorio Municipal do Concello de Vigo: Praza do Rei 1. Vigo

**ticketea**

☎ 902 044 226  
www.ticketea.com

  
Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n



# CONCELLO DE VIGO



INFORMACIÓN:

Auditorio Municipal do Concello  
Praza do Rei s/n



Vigocultura



@Vigo-cultura



Vigocultura

**Teléfonos:** Desde Vigo: 010 // Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260  
**Horario:** Luns > Venres: 8.00 a 20.00 horas // Sábados: 10.00 a 14.00 horas